

# PREACORDO

**SUBA SALARIAL: 3,3%** en tódolos conceptos para 2023; **3,3%** para 2024 e **3,4%** para 2025. Garantía de revisión salarial no caso de que o IPC real a final de cada ano sexa superior ao pactado co límite do **7%**. Os atrasos aboaranse sen aplicar ese límite.

## PLUSES:

- Nas xornadas eliminadas pola redución da idade na quenda rotativa e na sección de carga non se perderá o plus de tarde nin o de nocturnidade. Tampouco se deixarán de cobrar estes pluses na compensación en tempo das horas extras.
- Auméntase o primeiro tramo da prima de asistencia e puntualidade para cobrala íntegra até **24** horas ao semestre (actualmente estaba en 9) nun máximo de 2 baixas médicas ou repousos.

## CALENDARIO:

- **Redución de xornada anual (ano 2023): 16** horas na quenda fixa de mañá, **8** horas na quenda de noite, quenda de tarde e quenda rotativa e sección de carga.
- **1 Venres** libre a maiores para a quenda de tarde, mañá e rotativa entre xaneiro e marzo e entre xuño e agosto. Os períodos alternaranse cada ano. Na quenda rotativa a libranza será na semana de mañá.
- Aumentan a **8** os días soltos de vacacións.
- Eliminación do tope de **250** traballadores na quenda de tarde.
- Aseguran o aumento do número de traballadores na quenda de noite en **10** para o 2024, e aplicarán a proporción de **1 de cada 4**, en función do persoal de carga que se adscriba á quenda de noite da súa sección. Esta mesma proporción aplicarase na quenda de mañá segundo o persoal de carga que decida pasarse a esta quenda.
- **Conciliación:** Inclúiranse fóra do número de prazas que ofrece a empresa as situacións especiais e debidamente xustificadas de familia monoparental, e persoal coa custodia completa ou compartida cando non poidan acceder á quenda por non contar coa puntuación suficiente.
- **Redución de xornada por fidelidade:** No ano que se cumpran 25 anos de antigüidade, **2** días de redución de xornada, a partir dos 27 en adiante, **3** días. Incompatible co cadro de redución en función da idade, é dicir, a partir do ano no que se cumpren os 52, éntrase no cadro de redución por idade. O período para elixir estes días de redución por fidelidade é entre o 15 de xaneiro e o 31 de agosto, con exclusión de semana santa e as semanas anterior e posterior.

## XUBILACIÓN PARCIAL:

- Renóvase o acordo de xubilación parcial 2020-2022.

## XORNADAS ESPECIAIS EN FUNCIÓN DA IDADE:

- Consérvase a táboa de redución que existe este ano:

	<b>XORNADA</b>
<b>IDADE</b>	<b>Horas de redución 2023/2024/2025</b>
<b>53</b>	<b>64</b>
<b>54</b>	<b>80</b>
<b>55</b>	<b>152</b>
<b>56</b>	<b>168</b>
<b>57</b>	<b>184</b>
<b>58</b>	<b>200</b>
<b>59</b>	<b>216</b>
<b>60</b>	<b>368</b>
<b>61</b>	<b>392</b>
<b>62</b>	<b>408</b>
<b>63</b>	<b>424</b>
<b>64</b>	<b>472</b>
<b>65</b>	<b>488</b>
<b>66</b>	<b>504</b>
<b>67</b>	<b>556</b>

- E a maiores, para o persoal con 20 anos de antigüidade establécese esta nova táboa:

	<b>XORNADA</b>
<b>IDADE</b>	A empresa establecerá todos os anos un período de 26 semanas para elixir os días. <b>2023/2024/2025</b>
<b>52</b>	<b>32</b>
<b>53</b>	<b>16</b>
<b>54</b>	<b>16</b>
<b>55</b>	<b>16</b>
<b>56</b>	<b>16</b>
<b>57</b>	<b>16</b>
<b>58</b>	<b>16</b>
<b>59</b>	<b>16</b>
<b>60</b>	<b>16</b>
<b>61</b>	<b>16</b>
<b>62</b>	<b>16</b>
<b>63</b>	<b>16</b>
<b>64</b>	<b>16</b>
<b>65</b>	<b>16</b>
<b>66</b>	<b>16</b>
<b>67</b>	<b>16</b>

- No ano de xubilación ordinaria ou parcial, 40 horas a maiores de redución pola idade.

## PERMISOS:

- Para o persoal da quenda de noite, nos supostos de asistencia a xuízos, exames, xestión de servizos sociais e médicos especialistas, **4** horas sempre que as citas sexan antes das 15:00 horas do día seguinte.
- Nas situacións de atención médica fóra da provincia recollidas no art. 27.q) do actual acordo, os días que transcorran no medio das consultas ou tratamentos computarán como licenza retribuída.
- Ampliación ao **12%** da porcentaxe de ausencias diarias por licenzas e compensación de horas extras, agás venres, que continuarán co 11% actual.
- Aumentan a **4** o número de permutas sen compañeiro.

## CONDICIÓNS SOCIAIS:

- Equipárase a axuda social de fillos celíacos ou enfermidades similares á de familiar ata segundo grao e con dependencia nivel (II e III) en **200€**, e aumenta o tope de ingresos a **18.000€**.
- Aumento do límite do anticipo de salario ata **11.000€** (a devolver en **90** mensualidades).
- Seguro: inclusión de todos os pluses no salario anual co que se calculan as indemnizacións.
- Recupérase o punto 29) outras condicións sociais, do ACORDO REGULADOR ANOS 2017-2019. (regula a inclusión voluntaria de sábados no calendario e a reserva de posto de traballo en caso de excedencia).

**SEGURIDADE E SAÚDE:** Investimentos que vai realizar a empresa para rebaixar a penosidade.

- **Sección de carga:** instalarán un Robot Paletizador, que rebaixará a exposición ao traballo de chutes en un 80%.
- **Sección de paquetería:** Instalarán un Despaletizador que eliminará todo o traballo penoso nos peiraos. Colocarán unha vía alternativa para alimentar a palet completo a indución e o shuttle, que rebaixará a exposición ao picking de paquetería en un 80%. Efectuarán unha reforma total do rexeite de paquetería, que excluírá a realización de traballo penoso nese posto.
- **Sección de prenda colgada:** O prototipo de descarga de camións que están probando, debería realizar a descarga de camións durante todo o día a finais de 2023.
- **Con estas melloras técnicas, garántese de maneira individual, que a partir de xullo de 2024 ningún traballador superará o 30% de traballo penoso.**

**O REFERENDO QUE DECIDIRÁ A ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO DESTE PREACORDO, CELEBRARASE NOS HORARIOS DE COMIDA DO XOVES 23 E MADRUGADA DO VENRES 24 NA SALA DE FORMACION Nº1.**